

# 1º ESO 2º ESO

## INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE LIBROS DE TEXTO

En reunións de Claustro e Consello Escolar celebradas o pasado xoves, día 22 do presente mes de xuño, acordamos solicitar que o noso centro se incorpore ao **PROXECTO EDIXGAL DE LIBRO DIXITAL** nos cursos de 1º e 2º da ESO.

A nosa idea é ir introducindo de forma progresiva materias a esta nova modalidade de libro de texto, sen que supoña unha ruptura total coa modalidade anterior.

Por ese motivo as materias de **Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá e Inglés, Alemán Física e Química e Xeografía e Haistoria** seguirían a se impartir co libro tradicional en papel, pasando a modalidade dixital materias como: **Bioloxía e Xeoloxía, Educación física, Educación plástica, visual e audiovisual, Francés, Tecnoloxía, Relixión, Promoción de estilos de vida saudables, Educación financeira, Música, Programación, Oratoria, Igualdade de xénero, Paisaxe e sustentabilidade en Galicia, Investigación e tratamento da información...**

Para poder facer efectivo este cambio, o alumnado contaría cun ordenador persoal no que se descargarían os libros das distintas materias a impartir EN FORMATO DIXITAL e no que podería traballar no centro e na propia casa, se así o considera oportuno.

En consecuencia, e mentres non temos a aprobación da nosa solicitude, consideramos oportuno recomendarlles que non merquen ningún libro dos que se van impartir na modalidade dixital.

Para calquera dúbida ou información complementaria dirixirse ao centro.

Xuño 2017

A dirección